



JEAN-PAUL SARTRE. EXISTENCIALISMO

(1905-1980)

1. Existencia: “¿Qué significa aquí que la existencia precede a la esencia? [l’existence précède l’essence] Significa que el hombre empieza por existir, se encuentra, surge en el mundo, y que después se define. El hombre, tal como lo concibe el existencialista, si no es definible, es porque empieza por no ser nada. Sólo será después, y será tal como se haya hecho.”

A existencia é anterior á esencia: o home primeiro existe, é arroxado ao mundo, e a partir dese intre vaise definindo. Ao xurdir no mundo non somos nada, non hai unha esencia ou natureza previa que nos defina, tan só seremos posteriormente, segundo nos fagamos a nós mesmos. O home é un ser entre dúas *nadas*: nada antes de nacer, nada despois de morrer.

2. Liberdade: “Estamos solos, sin excusas. Es lo que expresaré diciendo que el hombre está condenado a ser libre [l’homme est condamné à être libre]. Condenado, porque no se ha creado a sí mismo, y sin embargo, por otro lado, libre, porque una vez arrojado al mundo es responsable de todo lo que hace.”

A liberdade define a condición humana: o home é liberdade porque auto-determinase totalmente, faise a sí mesmo. A liberdade é unha condea: o home non elixe vir ao mundo, pero unha vez aquí, é absolutamente responsable do que é porque constrúese por medio dos seus actos.

3. Acción: “La doctrina que yo les presento es justamente lo opuesto al quietismo, porque declara: Sólo hay realidad en la acción. Y va más lejos todavía, porque agrega: El hombre no es nada más que su proyecto, no existe más que en la medida en que se realiza, no es, por lo tanto, más que el conjunto de sus actos [l’ensemble de ses actes], nada más que su vida.”

O home define a súa *esencia* a través dos seus *actos* libremente elixidos. É o que se fai por medio das súas *accións*. A totalidade das súas accións ao longo do tempo define o que é en cada intre da súa existencia.

4. Proxecto: “El hombre empieza por existir, es decir, que empieza por ser algo que se lanza hacia un porvenir, y que es consciente de proyectarse hacia el porvenir. **El hombre es ante todo un proyecto** [l’homme est d’abord un projet] que se vive subjetivamente, en lugar de ser un musgo, una podredumbre o una coliflor; nada existe previamente a este proyecto; nada hay en el cielo inteligible, y **el hombre será**, ante todo, **lo que habrá proyectado ser.**”

O ser humano é un *proxecto* que se lanza cara a un *por-vir*, un futuro, será o que teña proxectado ser. O home é *trascendencia* ao proxectar a súa acción cara adiante, trascende o seu ser presente ao dirixirse cara ao que aínda non é. O home proxecta a súa liberdade cara novos horizontes, transcendéndose. A diferenza do home, as *cousas* son *inmanencia*: pasivas, fixas, estables, permanentes.

5. Responsabilidade: “Pero si verdaderamente la existencia precede a la esencia, **el hombre es responsable de lo que es** [l’homme est responsable de lui-même]. Así, el primer paso del existencialismo es poner a todo hombre en posesión de lo que es, y asentar sobre él **la responsabilidad total de su existencia**. Y cuando decimos que el hombre es responsable de sí mismo, no queremos decir que el hombre es responsable de su estricta individualidad, sino que **es responsable de todos los hombres** [responsable de tous les hommes].”

O home é completamente *responsable* de como el se fixo, de como el se construiu por medio das súas accións. Non hai excusas nin xustificacións. Pero tamén é responsable dos demais homes, porque ao elixir o home que quere ser, constrúe un *modelo* de referencia ou unha *imaxe* valedeira para os demais homes.

6. Angustia: “El existencialista suele declarar que **el hombre es angustia** [l’homme est angoisse]. Esto significa que el hombre que se compromete y que se da cuenta de que es no sólo el que elige ser, sino también un legislador, que elige al mismo tiempo que a sí mismo a la humanidad entera, **no puede escapar al sentimiento de su total y profunda responsabilidad.**”

A *responsabilidade* absoluta que recae sobre o home causa unha profunda *angustia*: somos responsabeis do que nós somos, pero tamén do que son os demais. Eliximos o que nos afecta a nós, pero tamén eliximos o que afecta aos demais.

7. Situación: “La elección es posible en un sentido, pero lo que **no es posible es no elegir**. Puedo siempre elegir, pero tengo que saber que, **si no elijo, también elijo**. (...) **el hombre se encuentra en una situación** organizada, donde está él mismo comprometido, compromete con su elección a la humanidad entera, y no puede evitar elegir...”

Eliximos sempre no marco dunha *situación* determinada. Pero a nosa propia liberdade constrúe a situación na que nos vemos forzados a elixir. Sempre temos que elixir,

incluso non querer elixir é xa unha elección. Estar pasivamente no mundo é unha decisión. A liberdade humana é absoluta e ilimitada.

8. Mala fe: “Se puede juzgar a un hombre diciendo que es de **mala fe**. Si hemos definido la situación del hombre como una elección libre, sin excusas y sin ayuda, **todo hombre que se refugia detrás de la excusa** de sus pasiones, **todo hombre que inventa un determinismo**, es un hombre de mala fe **[mauvaise foi]**.”

Actuamos de *boa fe* cando admitimos o *feito radical* que *que somos libres*. As persoas de *mala fe* ocultan ante sí mesmas a súa liberdade, buscan *excusas* para *auto-enganarse*, culpando á situación da súa pasividade. A *mala fe* implica negar a nosa transcendencia como creadores do noso proxecto vital. A *mala fe* rebaixa a condición humana á mera *inmanencia dos obxectos*.

